

COLOQUIO

Narrativa, Media e Cognición

NARRATIVAS MARXINALIZADAS



9 E 10 DE NOVEMBRO
CHAMADA DE TRABALLOS ATÉ 31 DE XULLO

O **Coloquio Narrativa, Media e Cognición** vai na súa quinta edición – depois de terse iniciado na Universidade do Minho no 2014, pasado pola Universidade Católica Portuguesa en 2015, pola Universidade do Porto en 2016 e no 2017 pola Universidade da Beira Interior.

A edición de 2018, que decorrerá entre o 9 e 10 de novembro de 2018, será acolida polo CIAC – Centro de Investigación, na Universidade do Algarve, e constitúe, por tanto, unha oportunidade máis para promover as xa habituais reflexións e discusións conxuntas ao redor dunha temática tan frutífera e inesgotábel, situada no cruzamento entre varias áreas científicas. No día 10 de novembro terá lugar um **Workshop en Narrativas Dixitais**.

Se o punto de partida é a narrativa no sentido máis lato do termo, non deixará de ser analizado o papel central dos *media* nese proceso, quer na acepción de medios de circulación das narrativas, quer como fomentadores de novas estruturas narrativas a partir das linguaxes propias que os compoñen.

Este V encontro concederá especial atención ás narrativas marxinalizadas (pero sen restrinxir o foco a esta temática), que se sitúan nun campo de traballo que o CIAC ten vindo a explorar e cuxo debate crítico é importante potenciar: as culturas marxinalizadas.

Preténdese, por tanto, que os traballos incidan de modo particular sobre o estudo, a comprensión e a divulgación de prácticas narrativas. Estas serán entendidas como produtos semióticos que converxen no feito de viviren en permanente oscilación en canto ao recoñecemento e aceptación que a cultura erudita lles dedica ou retira. Corresponden estes fluxos de aceptación/rexeitamento a períodos cíclicos da Historia, que, en virtude dos movementos estéticos e culturais vixentes, predispoñen estes produtos á absorción da cultura de masas e da cultura popular.

Son as interseccións provocadas polos movementos de recoñecemento de prácticas narrativas populares pola cultura erudita (moitas veces en evidente concatenación con idearios políticos ou axendas que rexen determinados códigos creativos e estéticos) que confiren a grande especificidade a estas manifestacións e as distinguen doutras prácticas. A título de exemplo, narrativas asociadas a un ámbito popular, como a literatura de tradición oral (nos seus diversos xéneros literarios), granxearan, das elites, en determinadas épocas, un espazo de acollemento amplo e incontestábel, ao cal se seguiran, en fluxos comprobadamente transhistóricos, a súa perda de influencia e de interese por eses centros decisorios de intervención cultural e política. Por outro lado, estas narrativas suscitaran (e continúan a suscitar) pertinentes cuestionamentos de ámbito cognitivo, debido aos mecanismos propios do soporte memorial e da

transmisión oral que as dotan de características únicas. Efémeros e volúbeis, por veces fragmentarios, os seus padróns narratolóxicos recordan, segundo o paralelo que é posíbel trazer, a efemeridade, a performatividade e a inestabilidade dos formatos narrativos característicos dos novos *media*.

Deste modo, a abordaxe crítica e teórica das múltiples modalidades narrativas, na súa vinculación a prácticas culturais ou comunicativas de cariz marxinal ou de masas, sexa nunha perspectiva diacrónica ou sincrónica, centrada en prácticas do pasado ou do presente, confire a esta edición do Coloquio un interese abranxente e transdisciplinar. Procurarase, finalmente, provocar unha discusión activa e permanente sobre a creación e a fruición das narrativas en asociación cos diversos soportes e linguaxes xerados polos canais mediáticos, sexan estes cales foren.

Así pois, a Comisión Organizadora do **V Coloquio Narrativa, Media e Cognición** convida a todos os interesados a submeterem propostas de comunicación (de 20 min.) relacionadas coas áreas temáticas definidas.

Áreas temáticas

- Narrativa e comunicación;
- Narrativa no cinema, videoxogos, arte interactiva, intermedia e transmedia;
- Novas poéticas e estruturas narrativas (modelos non-lineares e multilineares, hibridismo);
- Papel da narrativa na cognición e na organización do coñecemento;
- Narrativas históricas, sociais e políticas (análise dos mitos, métodos historiográficos, discursos da identidade colectiva e da alteridade, utopías e distopías sociais, etc.);
- Narrativas e culturas marxinalizadas;
- Ética, *fake news* e posverdade;
- Outros temas relacionados.

Publicación

No final do Coloquio, o *CITAR Journal* irá organizar un número especial dedicado ao tema Narrativas, Media e Cognición onde serán publicadas as comunicacións seleccionadas.

Submisión de propostas e outras informacións importantes no sitio web

<https://narrativamediaticognicao.ciac.pt>

CIAC
CENTRO DE INVESTIGAÇÃO
EM ARTES E COMUNICAÇÃO

FCT
Fundação para a Ciência e a Tecnologia
MINISTÉRIO DA CIÊNCIA, TECNOLOGIA E ENSINO SUPERIOR

AIM
ASSOCIAÇÃO DE INVESTIGADORES
DA IMAGEM EM MOVIMENTO

SPC
videojogos

UAlg
UNIVERSIDADE DO ALGARVE

organización

apoio